

O Cirolirais

BOLETIN DA ASOCIACION DE VECIÑOS DOS REMEDIOS

«A PONTE VELLA» / BETANZOS / SANTOS, 1978 / Nº 3



a "O Cirolinas" 99

Benquerido Brais da Bouza
a máis de ben recoidado,
rescibín O CIROLINAS
boletín moi axeitado.

Non hai dúbida nengunha
que sodes os betanceiros
arranxando cousas boas,
da Nosa Terra, os primeiros.

O CIROLINAS, boteille
umha farturenta ollada,
i abofellas non ten perda,
pois é ricazo na anda.

Os escritos i-os dibuxos,
-!qué ben dibuxa o Andrade!
os proicitos i-as ideias...
de moi boa calidade.

Todo benfeito, veciñas;
moi ben tecido, veciñas;
coídá-lo con moito mimo
que non morra O CIROLINAS.

Brais da Bouza, dille ó Andrade
que atenda do abó Cirolas
pra que a moitos betanceiros
os encha de carapolas.

Ise petrucio do Andrade,
filósofo e retranquiciro
ha dar moito que falare,
m-ise mundo botancólogo.

E, si moite m-aburades
a Betanzos, quo é o seu pobo,
ha darrle moita más sona
de que lle está dando o globo.

Bueno; vou a remataro,
e dares o espedimento
ó barrio da Ponte Vella,
co meu millor valimento.

.....
Benquerido Brais da Bouza,
dareite moitas graciñas
por pubricaros meus versos

mas follas de O CIROLINAS.

Cumha aporta fonte o fonda
Brais da Bouza,
mou irmán,
i un saúdo a O CIROLINAS
disto sogro ferrulán,
quo cantou nunha Cantiga
ao Botanzos mariñán.

Xosémaría Pérez Parallé
Nota da Redacción. Agradecemoslle
a X. M. Pérez Parallé estes versos
adicados ao noso veciño e a dous
dos mesos redactores.

"ASUNCIOS DE BALDE".

--O sábado 19 de novembro, ás 7 e media do során, haborá unha misa
na nosa ciroxa polo Marcialino o
Polarrico, morto tan lonxe da nosa
Terra.

--Necessítase un radio-casette a
bon precio. Razón: o local social.
--Búscase un bon dibuxante pra
decorar as paredes do local, que es-
tán tan valciras.

--Siguense a necesitar mocamógrafos
(-as) prá redacción de O CIROLINAS.
Recordámosselle que terán que ser elegantes,
con un bon curriculum vitae
e, a poder ser, preferimos que se-
xan mozas e que teñan uns bons
xiñillos.

--O equipodo fútbol da A.X.R. nece-
sita um tres cíxos de alquiler
pra cargar os goles que lle metan
nos partidos. Razón: falir co por-
teiro (O Monchiño).

--Coleccióno ovos de avión con dedicatoria. Razón: O Afonso.

--Coleccionista "jívaro" necesita
cabozas de mostros. Informes eiquí.

CADA POBO SEN O MERCECE

Din que cada pobo ten o que se morre, e si así ó a nós non nos corresponde máis (ou casi caído que esto é certo).

Lamentable ó que ocurra, máis parece ser que si nos tomamos concencia coas obras que ao noso país concorno, seguiremos sempre coas mesmas travas a que nos temen afectos.

Fagamos un estudo ou repaso a grandes rasgos do tempo que levou ou leva realizar calquera empresa que se trata de acometer; parécon labouras do río Miño, e cando se rematan xa quedan totalmente desfasadas; penso que en ningún lugar da terra non as circunstancias paradóxicas que ciíqui se dan.

Voxamos si non:

-¿Cánto duraron as obras do ferrocarril Zamora-Ourense, Santiago-Coruña?

-¿Recordan o tempo que tardaron co FGC da Costa (Ferrol-Gijón)?

-¿Lómbranco o que durou aquela Ponte do Pedrido, e que ao fin non vale máis que para peaxe lixeiro?

-¿Saben o que durou rematá-la Ponte do Pasaxe?

-¿Supoñem o que vai durar o de Pedrafita, e si era o amaco más difícil e o de maior necesidade, por quó non escomenzaron por ahí?

-¿Pensan cánto hai que se fixo a primeira tentativa do desviá-lo tráfico do centro da cidade, cando accidentes leva baleiros, e último tan recente que ocasionou catro mortos e um ferido (o que dentro da desgracia estámos tendo moita sorte)? E seguimos igual.

E agora temos o tramo da Nacional VI Betanzos-Ferrol, que vai pra cincos anos longos non escomenzaron as obras, non fixeron nada,

e xa van con tres empresas contratadoras distintas; si se decatan sempre emprincipian polo extremo oposto. ¿Hasta cando vamos estar así? ¿Coidan que esto sufrirían noutras latitudes?

Galegos:

Temos que nos mentalizar, responsabilizarnos e deixar a un lado as faladurias, recurrir a quem soxa e contra quem soxa, cisixir e protestar todos unidos pra que nos fagan caso, si nos facemos señas non conqueriremos nada: é entón ó ben verdado que non mereceremos máis que o que temos.



Portada e
pax. de humor 77 Andrado.
Tidues e
debuxos o Mostre.

Como educar aos fillos.



A millor herencia que os pais poden deixar aos fillos, non son os cartos, nin as leiras, nin tampouco as casas: e unha boa educación.

Ao falar da educación e sobre todo da educación cristián, encontramos país que se botan pra atrás e díen:

"Nos xa mandamos os nenos ó colexio e máis á catequesis, alá o mestre e máis o crego que o enseñen, eles están más preparados que nos".

"Non sei cómo facelo... As cousas cambian tanto... Antes facíanlo dunha maneira, e agora fano doutra".

"Nos non queremos infriuir nos nosos fillos. Preferimos que o decidan eles mais tarde, cando sexan maiores".

Non podedes dimitir nin renunciar á vosa misión de pais, xa que por lei natural sodes vos os primeiros e principais educadores, os que mais influídes nos fillos.

Si non vos ouven falar, non aprenderán a falar, si non os axudades a dar os primeiros pasos, non aprenderán a andar, si non vos ouven falar de Deus, non despertará en eles a fe.

Si sodes pais cristiáns, non podedes disimular nin ocultar aos vosos fillos, aquello que é importante pra vós, que é fundamento da vostra vida, alegria, esperanza, o que dá sentido á vosa existencia: Deus.

O neno é como unha sella valdeira que os educadores temos que encher desde fora, con números, letras e outras cousas....

O neno é como unha semenza, que leva dentro aptitudes e capacidades, sobre todo a capacidade da aprender. Pola mesma que unha planta necesita o cuidado d os homes, os nenos para poder medrar necesitan os cuidados doutrinos seres humáns.

O labrador cando fai a semenza, fai na segura de que ha de vela medrar... Para educar o neno, é necesario creer en el, na súa capacidade; mostrarlle a nosa confianza, darlle responsabilidade, ter en conta os esforzos que fai, aplaudilo nos seus pequenos éxitos. Así como a moita auga e tan mala prás plantas e como a pouca, tamén pode fallar a educación por exceso de amor como por falta do amor. Amor sin mimos.

Así como os arbores necesitan a poda, os nenos necesitan e orixeniles, e isto está o sorgredo da educación. Amor quer decir eisixir. Non vamos a impacientarvos. Así como non podemos esperar frores no inverno, tampouco podemos pedirlle ós nenos que anden, falen ou

serán responsables antes de tempo. A Sicoloxía di que os nenos, no seu crecemento, van pasando por unha serie de "periódicos sensibles" nos que desarrollan as diversas facultades espontáneamente, sin dificultades... É mui importante estar atentos e saber aproveitar o momento oportuno.

Certamente o labrego ten dereito a esperar os froitos do árbore que cuidou con tanto agarimo. Tamén os pais teñen dereito a soñar co triunfo dos fillos, mais os fillos non son arbores, son persoas libres. Si dan a froito soñado, ledicia; si no non dan, sigámoslos axudando e esperando. Non pasar factura ós fillos, xa que o amor é gratuito, ou non é amor.

O crego.

SOMOS alguién.

Eso: Somos alguén. O Cirolínas, vocero da única asociación de veciños que ten Betanzos, é morecente de que cando o mandamos a algúns periódicos, estes se fagan eco del.

A rosa sinxeleza está mesturada cun pullo na docencia e difusión das cousas da nosa Ponte Vella." El Ideal Gallego", hasta o momento, ten rexistrada na súa sección local betanceira a nosa aparición. Graciñas. Tamén "A Nosa Terra", e o gallo da salida do noso número un, adicounos non sólo un artigo que lle remesamos sinón que acoliciu o noso boletín na sección de publicacións galegas, ou de interés pra os gaiegos. Graciñas tamén.

Pero veleiquí que hai máis prensa no nosso país. Algunha dela, por certo, de moi ta difusión entre nós. Isto non tivemos alínda cubida. Parece como si non fósemos ninguén, como si non estivésemos no mundo. Botarán de conta, eso coidamos, que non val a pena facerse eco dun mensuario e multicopista. Si é así temos que repetir que somos alguén.

Mientras tanto o CIROLÍNAS tratará de ir salindo tódolos meses e así ir indo á ciuta que temos e a nosa gente da Ponte e Iria e tamén con Betanzos.

¿Máñeno?

Un dí amos, avisáronme que iba a celebrarse unha xuntanza no Hospital. O tema a tratar era, ao parecer, o intento de creación dunha sección do Ateneo en Betanzos. Busquei entón a verba "ateneo" no diccionario, enteñome que viña a significar algo así como asociación cultural.

Eu estaba invitado á reunión, por suposto. E alí estuvon, xunto con toda unha serie de persoalidades betanzenses -polo que empecei a preguntarme qué facía eu ali- e algunos membros da A.C.B. (lóas! Asociación Cultural Betanzense). Como quen convoca a algúm para expónerlle algo tem que explicar de qué se trata, ou esperaba, antes de nada, información. E así foi. E se nos proporcionou un pequeno informe decindo que o notario Julián Marcos pondría desde facía xa algún tempo na creación dun Ateneo, polo que se trataba de unificar criterios coa existente o malograda A.C.B. O problema plantoxado era o seguinte: ¿Continúa funcionando a A.C.B.? ¿Cróase unha nova asociación? O tema deu lugar a varias opiniones, xeneralizándose a creación dunha nova, feito que se aprobou nunha votación sobre cuia validez continúo gardando as miñas reservas.

Nas sománs seguintes, celebráronse unha serie de reunións nas que se elaborou un anteproyecto de estatutos. Folga decir que a cantidad de persoas foi disminuindo conforme avanzaban as xuntanzas, deixa chegar á última na que estuvieron presentes unhas sete, más ou menos.

Feito o anteproyecto, fói pasado á maquina, se lle sacaron unha sén de fotocopias, e todos quedamos á espala de que Julián Marcos, de que dependíamos para información de

algúns asuntos máis, voltase das súas vacacións.

As fotocopias siguen gardadas na casa dun dos asistentes ás xuntanzas. Julián Marcos, xa está no pobo donde fai algún tempo. Pero así o todo, eu sigo esperando a convocatoria da seguinte reunión. Do momento, todo está parado e ninguén quere saber nada. De seguir así, o Ateneo morre antesdo parte. E os abortivos, somos nós mesmos.

Andrade.

un artigo moi tacaño

O artigo 5º dos estatutos desta Asociación di:

"Podrán ser socios de esta Asociación, todos los vecinos de la barriada tanto arrendatarios u ocupantes de viviendas...".

Trátase dun artigo moi tacaño, feito con moi pouca vista. Esta Asociación non pode nin debía privarse de servicios de posibles asociados sexan veciños de onde soxam. Hoxe os chamados "colaboradores" non son socios pero teñen as mismas obligacións deles. Unha cofia.

Prépono unha nova redacción para ese artigo 5º en que se fale dos socios do número (veciños da Ponte Vella) e socios colaboradores, cos-mismos dereitos e deberes daquela, sólo que non poderán pasar dum tercio dos do número. A directiva desta Asociación xa conoce o texto completo da miña proposta.

Pide, como colaborador desta Asociación, que na próxima asamblea de socios se estude esta miña proposición.

Braiz da Bouza

-entrevista ao ISIDRº-

-¿Cal é o teu historial deportivo?

Escomenciei xogando nos infantiles da Ponte Vella, logo pasai ó Brigantium xuvenil e despois ó Brigantium modesto, no cal até-poco agora; tamén tomei parte noutros equipos informais.

-¿Cal é o teu sitio no equipo?

Porteiro.

-¿Cal é o teu ídolo como porteiro?

Pra miñ, o millor porteiro da actualidade é o arxentino Fillol; áñda que o meu ídolo de sempre é Buyo.

-¿Como fomontarías o deporte na nosa bisbarra? A Ponte Vella.

Coxa creación de instalacions deportivas.

-¿Como ollas o deporte na actualidade?

Moi mal, cada día atepaso mais viciado.

-¿Practicas algún outro deporte amais do fútbol?

Sí; baloncesto e tenis.

-¿Tes na tua familia algúion que practique deporte?

Sólo meu irmán que xoga nos infantiles do Deportivo.

-¿Como ellás a canteira galega, en especial no teu pobo?

A canteira galega é das millores de España; mais atepaso mal coñecida. No meu pobo hai moitas promesas pro deixannas algo do lado.

-¿Qué opinas de que a muller faga deporte?

O deporte é ben pra todalas persoas, sexa cal sexa o seu sexo, mais as mulleres non están capacitadas pra ele como os homes.

-¿Tes moza?, ¿gostariáche que fixiora deporte?

Sí, commigo.

-¿Calos son os teus hobbies?

Ademais do fútbol, a música, as mulleres e o cine, etc.

-¿Qué opinas da AA.VV. "OS REMEDIOS"?

Como todas as AA.VV. de veciños é unha cousa moi importante; mais non estou moi capacitado pra opinar sobre de elas, xa que me atepo algo alexado.

-¿Coidas que actuaria debidamente ou fallalle algo?

Como dixen antes non peido opinar sobre de elas, pro coido que se atora algo desorganizada.

MONICA.



LIMPEZA POR TODO O OUTO

A partires do dia do 78 no que pola emisión do programa do radio Coruña Mediodía, citábase por un membro da A.V un problema eisistente no río de Caraña a Xunta directiva decideu ocuparse del tentando de buscarña unha solución boa pra todos.

O problema citado concretábase unicamente á vertida de sange no río, coas consavidas consecuencias. Ista foi a primeira nova reci bida pola Xunta Directiva encol dese asunto, e así respostouseñ a dito socio a través do mesmo medio de comunicación; Non sin antes decatarse, a X.D., da sua esistencia facendo un percorrido polo río e consultando aos veciños, ouserbando o mesmo tempo a gran cantidade de porcallada e desperdicios que a modo de rosario estendiese a todo o longo do couce do río. E que é hoxe no dia unha faciana costante u expresión dos nosos rueiros e veigas. Si, todo aquelo que non sirve, todo aquelo que non arde, hótase fora da casa. Y é lóxico hasta certo punto e tamén casi-queperdonabel, pois neste caso concreto do río de Caraña, o coche da recoillida de basuras non chega alí, sicadra por estar muy lonxe do Campo ou por non ter unhas ruas axeitadas pra poder circular por elas un coche. Pero tamén neste caso a maioria dos veciños que viven nas Carañas teñen leiras detrás da casa e poderian queimar toda a porcallada e non ceibala pra o sitio que de todos e no que terán que vivir as novas xeneracións.

Despois de tratar este problema e sucesivas reunións da S.D. e unha vez que a cuestión do vertido de sange estuvo solucionado pola propia iniciativa do interesado, coidouse que a cousa tería que ir mais alá e cabilouse encol de facer unha campaña de limpeza do río.

Ante esto prantexouse a idea de citar a todos os veciños no Local Social, idea que foi aprovada por maioria, e deste xeito o dia 27 do Outono con asistencia de non moitos veciños das Carañas, acordouse facer un percorrido polo río o 4 de Novembro. No que a maioria dos membros da X.D. e algúns, moi poucos veciños, con foulcios e botas de auga scomenzaron a limpar as riveiras de dito río, de toda clase de desperdicios e maleza.

Este feito podenos levar a algunas conclusions:

- 1º A X.D. da A.V. non é culpaboldos problemas que esistan na barriada. Pro si debe tentar de estudalos e buscarlle unha solución.
- 2º Os socios deben de espoñes á X.D. todo aquello que coiden impida que o noso barrio sexa mais xusto e que nel se poída desenvrolar unha verdadeira convivencia. Pois calando ou falando por detrás non se amaña nada.
- 3º Non e tan soio a X.D., a que t en que traballar pra mirar de solucionar todos os problemas. Senón que somos todos veciños, socios ou non, os que teríamos que facelo. Ven levados pola X.D. ou ven creando unhas comusions entre aqueles veciños que se ven afetados po los problemas maid diretamente.

OUTEIRO



A nova residencia do "Coto".

Tódolos botanceiros son sábedores de que se está construindo unha nova residencia pra os vellos (asílo). Pero son poucos os que conocen as características do novo edificio do Coto e os medios con que conta a comunidade das Hermanitas de los Ancianos Desamparados.

Características

O edificio está programado pra 200 residentes, con ascensores, calefacción, salas de TV, de xogos, biblioteca, bar, peluquería, etc.

As habitacións están distribuidas: cuartos pra matrimonios, individuais polo tanto, e tamén hai salas de dúas camas, de tres e de catro.

Hoxe esta comunidade relixiosa está composta por 12 monxes que atopan a 160 residentes, sendo 20 da cidade de Betanzos (tres da mesma barriada), os domais son da bisbarra betanceira; hai tamén xente da Coruña.

Facemos notar que casi a totalidade son xentes desafortunadas, hai xente que non ten nengunha pensión e que as Hermanitas teñen que salir a pedir polas portas pra manolos.

O importo do novo edificio ó do 300 (trescentos)millóns de pesetas, cantidad moi grande, certamente. E preguntámolo á superiora:

--¿Cómo pensan pagar tantes millóns?

--Do mojento temos un creto de 50 millóns da Caixa do Aforros, que é cos que empazamos as obras, logo queremos vender o edificio das Casas cando tódolos papoles estean arranxados, pero como vostedes poden supoñer non chega. Temos tamén moitas osporamzas postas na "Campaña 500" e na rifa.

--¿E qué é eso da "campaña 500"?


--Esta campaña busca persoas que quieran comprometarse a dar 500 pts. cada mes hasta que terminen as obras, que durarán, si as cosas van ben, dous anos. Do momento sólo hai 30 socios. Tomos tamén unha rifa coincidindo coa Lotaría do Neno: fixomos 80.000 rifas para o sorteio de importantes premios (coches e unha TV color). Pero sólo van vendidas moi poucas rifas, si nomos botan unha man nin pra gastos facemos.

Chamamento

O CIROLINAS fai unha chamada a tódolos botanceiros pra que se fagan socios da "Campaña 500". A xuventude non se llo pido cartos, que xa sabemos que non os tem; pídosolle que vendan as rifas tanto polas feiras como nos lugares de diversión.

Si as vendoran todas facíanos 7 millóns e os abreiros pedían traballar un mes máis...


O crego




¿SABÍAN USTEDES QUÉ...

- Está xa pintado o local social?
- Estase a facer un estudio da Eira Vella unha Asamblea Xeral neste mes de San Martiño, co gallo de facer un pequeno partíño que infantil?
- A limpeza do río de Caraña levada a cabo por algunhos membros da X.D. da A.A.V.V. e algunhos veciños, parece ser que non foi moi ven acollida en xeral polos veciños? (pois tuvo muy poucas colabouras).
- Que a venta do Ciroliñas discriminou?
- Que niste numero non matamos gastos?
- "Que segun dixeron" o amán da N-VI o paso por Saavedra Meneses non se fixo mellor, porque viña o mal tempo?; E si vem o mal tempo non haberá mais accidentes?
- Na redacción do Ciroliñas seguimos necessitando xente pra que nos bote unha man?
- Que unha vez feito o plano e amañado o problema do lugar da sua instalación, estase a escomenzar a construción do alpendre praos nenos das Carniñas que esperan o bus escolar?
- Que a X.D. está e avilando en convocar
- Estase a facer un estudo da Eira Vella unha Asamblea Xeral neste mes de San Martiño, co gallo de facer un pequeno partíño que infantil?
- Nestes derradeiros días de Outono e de San Martiño non fixemos máis que traigar polvo?
- Que xogáronnolaboa coa N-VI?
- Dentro de tres meses estará como antes de facer esto?
- Aségun a prensa, a alcaldía manda unha nota decindo que enviaran a un técnico aollar o alumbrado e pasar de inmediato a sua a sua reparación?
- Que tamén decia que se encarregaba o Ayuntamiento de colocación do espello prao cruce da c arreteira de Villamaior con N-VI e do corte de maleza na calle?
- Que nestes tempos pasa a N-VI polo noso Pobo e cause varios mortos, e un acto tan terrorista como as matanzas do País Vasco?

¿DECIDIRONSE DE QUE...





A NOTÍCIA DO SÉCULO: EN LUGAR DE
DESVIAR A N-VI, TRAEÑOS AMBULANCIA!!

O ABÓ CIROLAS

CRÓN: QUIQUE
DIBUXOS: ANDRADE

